



Nivel 6ºA E. INFANTIL

LUNS 1	MARTES 2	MÉRCORES 3	XOVES 4	VENRES 5
<p><b>Lectoescritura</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Lectura dun conto e preguntas de comprensión.</li> <li>Escribimos o título do conto, o nome do autor e o dos protagonistas.</li> <li>Facemos un acróstico co nome do autor.</li> <li>Describimos os protagonistas do conto.</li> <li>Copiamos palabras significativas do conto e facemos frases sinxelas.</li> <li>Escribimos a data.</li> </ul>	<p><b>Experimento</b></p> <p><i>Espuma máxica</i></p> <p>Materiais: 1 frasco ou vaso, vinagre branco, bicarbonato de sodio, colorante alimenticio ou acuarelas líquidas e deterxente para pratos. (Ver abalar)</p> <p>Escribimos o nome do experimento e facemos un debuxo do resultado.</p>	<p><b>Lóxico-matemática</b></p> <p><i>Traballamos os números e figuras xeométricas na nosa contorna</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Pensamos onde podemos atopar números, por exemplo: na matrícula do coche familiar, escribimos os números. Ordenámoslos de maior a menor.</li> <li>Escribimos os que falten para completar a serie numérica ata o 10.</li> <li>Escribimos os números ordinais correspondentes aos pisos que hai no edificio onde vivimos .</li> <li>Cal é o número do noso piso? Escribimos o anterior e posterior.</li> <li>Debuxamos cousas que teñan formas xeométricas, ex: sinal(triángulo), sol(círculo)...</li> <li>Escribimos o nome das figuras xeométricas que debuxamos.</li> </ul>	<p><b>Elaboración dun menú</b></p> <p><i>Hoxe imos preparar nós o menú</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li><u>Preparamos uns canapés.</u> Precisamos de tostas, queixo de untar, salmón, olivas....</li> <li><u>Facemos un biscoito pez.</u> Ingredientes: 2 láminas de biscoito, crema de cacao e lacasitos. (Ver abalar)</li> </ul>	<p><b>Ciencias</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Lembramos os animais que representan os grupos de traballo da clase( tigres, lobos, leóns e tiburóns)</li> <li>Investigamos sobre estes animais: Cales son terrestres e cal é mariño?, que comen?, onde viven?..</li> <li>Que diferencias atopas entre os animais terrestres e os mariños?.</li> <li>Debuxa cada animal no seu hábitat e escribe os seus nomes.</li> </ul>

Estas actividades serán explicadas a través das canles de comunicación coas familias